

## SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 27 DE DECEMBRO DE 2018

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e sete de decembro de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, do PSdeG-PSOE; don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Non asisten, con escusa, dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE, e dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, de ACdC-SON.

Asisten don Manuel Roel Hernández-Serrano, interventor, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1<sup>o</sup> do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 27 de decembro de 2018, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video\_201812271901200000\_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 29 de novembro de 2018**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:00:27

Este punto quedou sobre a mesa, dado que por un atraso na transcripción da acta, esta non foi remitida aos señores concelleiros para a súa aprobación.

### **2. PARTE RESOLUTIVA**

#### **2.1. Aprobación, se procede, do abono dos servizos de depuración da Edar de Bens**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:00:45

Vista a proposta de Alcaldía do día 17 de decembro de 2018, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 20 de decembro de 2018.

Visto que o señor interventor fai constar que se detectou un erro material no informe relativo á suma da contía total do importe a aboar á Edar de Bens pola anualidade 2017 en función da recadación, de xeito que onde di 343.248,83 €, debe dicir 343.278,83 € e, por conseguinte, no total da recadación dos períodos 2017 e 2018 que debe ser de 528.815,48 € en lugar de 528.785,48 €, polo que a proposta queda redactada do seguinte teor literal:

«Visto que se encontran pendentes de abono os servizos prestados pola EDAR BENS correspondentes ao exercicio 2017.

Visto o informe da intervención municipal sobre liquidación da taxa depuración a Sociedade Mercantil EDAR BENS, S.A. correspondente aos exercicios 2017 e 2018, do seguinte teor literal:

### **1.- ANTECEDENTES.**

Sen ánimo de exhaustividade debemos citar como tales os seguintes:

a.- A Lei 22/1997, do 8 de xullo, pola que se aproban e decláran de interese xeral determinadas obras hidráulicas, declara de interese xeral do Estado as actuacións precisas para a mellora da depuración e vertedura das augas residuais da Coruña.

b.- O día 9 de decembro 1999 subscribíse un Protocolo Xeral de Colaboración entre o Ministerio de Medio Ambiente, a Xunta de Galicia e a, por entón, Confederación Hidrográfica do Norte, para o desenvolvemento de determinadas obras hidráulicas na Comunidade Autónoma de Galicia, entre as que figuran as relativas á mellora da depuración e vertedura da Coruña (EDAR de Bens e emisario submarino).

c.- Apróbase o R.D. Leg. 1/2001, do 20 de xullo, do Texto refundido da Lei de Augas; o artigo 124 do mesmo establece:

1.- Son competencia da Administración Xeral do Estado as obras hidráulicas de interese xeral. A xestión destas obras poderá realizarse directamente polos órganos competentes do Ministerio de Medio Ambiente ou a través das Confederacións Hidrográficas. Tamén poderán xestionar a construción e explotación destas obras, as Comunidades Autónomas en virtude de convenio específico ou encomenda de xestión.

2.- Son competencia das Confederacións Hidrográficas as obras hidráulicas realizadas con cargo aos seus fondos propios, no ámbito das competencias da Administración Xeral do Estado.

3.- O resto das obras hidráulicas públicas son de competencia das Comunidades Autónomas e das Entidades locais, de acordo co que dispoñan os seus respectivos Estatutos de Autonomía e as súas leis de desenvolvemento, e a lexislación de réxime local.

4.- A Administración Xeral do Estado, as Confederacións Hidrográficas, as Comunidades Autónomas e as Entidades locais poderán celebrar convenios para a realización e financiamento conxunta de obras hidráulicas da súa competencia.

Pola súa banda, o artigo 186 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, establece:

1.- A Encomenda de xestión dos servizos propios da Comunidade Autónoma en favor das Entidades Locais a que se refire o artigo 174 da presente Lei realizarase mediante Decreto do Consello da Xunta de Galicia, previo informe da Comisión Galega de Cooperación Local, e publicarase no «Diario Oficial de Galicia» e no «Boletín Oficial» da provincia respectiva.

2.- O acordo será adoptado a proposta da Comisión Mixta a que se refire o artigo 182.2 da presente Lei e concretará, polo menos, a actividade ou actividades a que afecte o prazo de vixencia, a natureza e alcance da xestión encomendada e as facultades de dirección e control que se reserve a Xunta de Galicia.

3.- A efectividade da encomenda requirirá que esta vaia acompañada da dotación ou incremento, en favor das Entidades Locais receptoras, dos medios económicos precisos para levala a cabo.

4.- En caso de incumprimento das directrices e medidas a que se refire o apartado 2 deste artigo, a Xunta de Galicia poderá, previa advertencia ao Ente Local e informe da Comisión Galega de Cooperación Local, suspender ou deixar sen efecto a encomenda e realizar directamente as actividades de carácter material ou técnico ou a prestación dos servizos que fosen obxecto da mesma.

d.- Apróbase a Lei 8/2001, do 2 de agosto, de Protección da Calidade das Augas das Rías de Galicia e de Ordenación do Servizo Público de Depuración de Augas Residuais Urbanas (derrogada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, excepto dispos. Transitorias), que, por unha banda, declara de interese xeral da Comunidade Autónoma de Galicia o servizo de depuración de augas residuais urbanas, o cal será xestionado pola Administración Hidráulica de Galicia, ben a

través do Organismo Autónomo Augas de Galicia ou ben a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, Entidades creadas pola Lei 8/1993, do 23 de xuño, Reguladora da Administración Hidráulica de Galicia.

Doutra banda, establécese que o servizo de depuración de augas residuais urbanas da Comunidade Autónoma será financiado integramente pola Administración Hidráulica de Galicia, a través de, entre outros, do produto do canon de saneamento creado pola Lei 8/1993, de 23 de xuño, Reguladora da Administración Hidráulica de Galicia ou as transferencias que no seu favor ordene a Xunta de Galicia e outras Entidades Públicas.

e.- Setembro de 2003 subscríbese Convenio de Colaboración para execución de obras da EDAR e en setembro de 2006 subscríbese o do emisario submarino. Ambas obras finalízanse en decembro de 2010 (M<sup>º</sup> de Medio Ambiente, a Xunta de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Norte) e financiase con fondos da Unión Europea.

f.- Nos convenios especifícase que os equipamentos resultantes han de tratar as augas residuais dos municipios da Coruña, Cambre, Oleiros, Arteixo e Culleredo, recolléndose na cláusula 9<sup>a</sup> de ambos que, unha vez terminada a obra e recibida definitivamente, será entregada para o seu uso público á Xunta de Galicia que, a partir dese momento, farase cargo para todos os efectos da mesma.

g.- Augas de Galicia, en calidade de organismo da Administración Autonómica con competencias na materia, manifesta que está de acordo en que a explotación das instalacións e equipamentos derivadas da execución dos convenios referidos, leve a cabo polo Concello da Coruña. Así mesmo, este manifesta a súa vontade de asumir a encomenda de xestión da EDAR e o emisario submarino de Bens, para o tratamento das augas residuais dos cinco municipios precitados.

h.- Mediante R.D. 266/2008, do 22 de febreiro, créase a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, para o exercicio das funcións atribuídas á antiga Confederación Hidrográfica do Norte, asumindo todos os dereitos e obrigacións adquiridos por aquela.

i.- Apróbase a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, No seu artigo 27.1 recolle que é competencia das entidades locais, de acordo co que se establece na lexislación de réxime local, a subministración de auga potable, a rede de sumidoiros e o tratamento das augas residuais.

k.- Con data 9/12/2010 o Concello da Coruña aproba acordo plenario para o establecemento do novo servizo municipal de augas residuais e a determinación da forma de xestión do novo servizo, acordándose a forma de xestión directa e encomendando a EMALCSA a xestión da explotación, mantemento e conservación da EDAR e emisario submarino de Bens.

l.- O día 17/01/2011 asínase CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DA CORUÑA para a formalización da encomenda de xestión da explotación, mantemento e conservación da estación depuradora de augas residuais de Bens e o emisario submarino, co OBXECTO de formalizar a entrega das instalacións (Anexo I) integrantes do sistema de saneamento e depuración dos Concellos da Coruña, Cambre, Oleiros, Arteixo e Culleredo, que se realizará por parte da Confederación H. do Miño-Sil (encomendante) ao Concello da Coruña (encomendada) e as súas condicións. Esta encomenda outórgase con carácter indefinido, salvo denuncia, e poderá ser realizada de forma directa (por si ou a través de EMALCSA ou outra empresa pública) ou indirectamente, segundo a normativa vixente.

Para ese efecto, Augas de Galicia, cofinanciadora dos investimentos baixo encomenda (punto 5), outorga a súa autorización á citada cesión en encomenda de xestión. Recolle a cláusula 4<sup>a</sup> "En todo caso, durante o prazo e cobertura material da garantía do contrato de obras da instalación, o Excmo. Concello da Coruña non será responsable do custo de reposición ou reparación das instalacións (obra, maquinaria, etc e demais que integren o contrato de obras) deficientes ou defectuosas, sendo a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil a responsable da súa asunción, sempre e cando as instalacións a reparar fosen utilizadas de forma correcta, segundo as instrucións do fabricante e dacordo co establecido na súa garantía. No caso de urxentes reparacións que non poidan ser demoradas por afectar ao correcto funcionamento das instalacións, o Concello, ou a empresa que o xestione, poderán acometer o custo necesario para a súa posterior repercusión a Confederación Hidrográfica.

Cláusula 5<sup>a</sup>: O Excmo. Concello da Coruña queda autorizado... para realizar as obras de mantemento e conservación que sexan necesarias, comprometéndose a asumir os gastos que das mesmas poidan derivarse, tamén queda autorizado para realizar as reformas internas e obras de construción que sexan precisas para os fins pactados e que non teñan a

consideración de obras de reforma ou gran reparación, que se custearán como se acorde en cada caso. Por outra parte autorízase ao Concello da Coruña a transferir a xestión, explotación, mantemento e conservación a Emalcsa ou outra empresa pública dacordo co establecido na normativa vixente.

Cláusula 6ª: O Concello da Coruña deberá:

- 1.-Xestionar e explotar as obras e infraestruturas...
  - 2.-Realizar as obras de conservación e mantemento das obras e infraestruturas....
  - 3.-Custear os gastos de arranque, mantemento, en especial, entre outros, os derivados de consumo de enerxía eléctrica, reactivos, ferramentas de taller e xardinería, material de laboratorio, material de oficina e equipos informáticos.
  - 4.-Realizar obras de investimento novo, de carácter ordinario, e as de novas infraestruturas, previa autorización do seu titular...
  - 5.-Contratar todos os subministracións e servizos necesarios para a explotación das instalacións, en especial o gas natural...
  - 6.-Subrogarse e prorrogar todos os contratos que a C. H. Miño-Sil asínase durante a execución e período de probas da EDAR.... Unha vez concluído o período de proba, ditos contratos quedarán extinguidos podendo o Concello da Coruña, concertar cos provedores e contratistas que teña por conveniente...agás os enumerados no anexo II
  - 7.-Achegar todo o persoal necesario para o normal funcionamento da EDAR...
  - 8.-Prestar o servizo de depuración, saneamento de augas residuais do propio Concello da Coruña, ademais das provenientes de Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros.
  - 9.-A explotación das instalacións cedidas pola C.H do Miño-Sil, o pago de todos cantos tributos graven ditas instalacións ou a súa explotación. Mesmo, no seu caso, o IBI.
- Neste punto debo mencionar que o seu contido vai contra o denominado principio de reserva de lei no ámbito tributario regulado nos arts. 31.3 e 133 da Constitución de 1978 e no art.8 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- 10.-En xeral, todas aquelas que non sexan directamente atribuíbles ao titular das instalacións ou do servizo encomendado.

Cláusula 7ª: Comisión de seguimento constituída por un representante da Delegación do Goberno en Galicia, dous da Confederación Hidrográfica, un da Administración Hidráulica de Galicia e dous da encomendada.

Cláusula 8ª: O convenio outórgase por tempo indefinido, poderá extinguirse por mutuo acordo, pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción ou por incumprimento da calquera das súas cláusulas.

Cláusula 9ª: Xurisdición competente a contencioso-administrativa.

II.- Con data 17/01/2011 asínase ACORDO ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O ORGANISMO AUTÓNOMO DE AUGAS DE GALICIA, O CONCELLO DA CORUÑA, relativo ao convenio de colaboración do mesmo día para a formalización da encomenda de xestión da explotación, mantemento e conservación da estación depuradora de augas residuais de Bens e o emisario submarino, co obxecto de que o Concello da Coruña, en calidade de encomendada, xestione os tributos, taxas, prezos públicos ou privados, necesarios para facer fronte aos custos derivados de encomenda de xestión, incorporando o contido deste Acordo no Convenio asinado (referencia ao art. 124 do RDL 1/2001).

m.- O día 04/04/2011 constitúese a sociedade filial de EMALCSA para a xestión da EDAR de Bens, denominada EDAR BENS, S.A.. O obxecto social será a explotación, mantemento e conservación da EDAR de Bens, de conformidade con encomendaa de xestión aprobada por acordo plenario do 9 de decembro de 2010 e o convenio asinado coa C. H. M.S., Augas de Galicia e Concello da Coruña do 17 de xaneiro de 2011. Capital subscrito na súa totalidade por EMALCSA. Os estatutos de EDAR BENS, S.A. recollen no seu obxecto: a xestión da explotación, mantemento e conservación da EDAR e emisario submarino de BENS, podendo realizar dita actividade tamén de forma indirecta, total ou parcialmente, mediante participación noutras sociedades con idéntico ou análogo obxecto. A duración é indefinida e o seu domicilio, onde se sitúa o centro da súa efectiva administración e dirección, en Manuel Murguía s/n (sede de EMALCSA).

n.- Decreto 36/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais. No seu artigo 64.1 define o feito imponible do coeficiente de vertedura como a prestación do servizo de depuración das augas residuais urbanas efectuado pola Administración hidráulica de Galicia, por si ou por medio de calquera das formas previstas na lexislación administrativa para a xestión do servizo público.

ñ.- Decreto 141/2012, do 21 de xuño, que aproba o Regulamento Marco do Servizo Público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia.

o.- 17/01/2013, a empresa EDAR BENS, S.A. envía un protocolo de actuacións aos concellos aos que prestará o servizo.

p.- 18/02/2013 informe de Intervención-Secretaría sobre a posibilidade de acordar o establecemento do servizo municipal de depuración de augas residuais no termo municipal de Cambre, así como a súa xestión a través da empresa EDAR- BENS, S.A.. Tras unha ampla revisión da normativa vixente, emítese informe desfavorable ás actuacións contidas no protocolo mencionado.

q.- Informe do 18 de marzo de 2013 emitido pola Consellería de Medio Ambiente, acerca das competencias das entidades locais en materia de depuración de augas residuais, tendo en conta o disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia. Este informe conclúe que dita competencia corresponde ás entidades locais, excepto naqueles casos en que foron declaradas as infraestruturas de interese xeral da Comunidade Autónoma, caso en que será competencia da mesma.

r.- Proposta de Alcaldía de data 19 de abril de 2013 para a creación do servizo e resto de acordos previstos no protocolo.

s.- Informe da sección de Servizos emitido polo Enxeñeiro municipal con data 24 de abril de 2013, á vista de solicitude verbal do alcalde, co obxecto de que indique as instalacións municipais vinculadas á rede de saneamento.

t.- Pleno municipal do 25 de abril de 2013 no que se propón, con informe desfavorable de Intervención-Secretaría, a creación do servizo público municipal de transporte e depuración de augas residuais; que a xestión do servizo de transporte e depuración de augas residuais leve a cabo de forma directa pola sociedade EDAR BENS, S.A., como medio propio e servizo técnico do Concello de Cambre (condicionado á modificación de estatutos); a adquisición do 7% do capital da empresa e as facultades do Alcalde en canto á firma de acordos ,proposta que non acadou a maioría absoluta requirida polo art.47.2.g da Lei 7/1985 polo que entendese rexeitada.

u.- Informe de data 31 de agosto de 2013, emitido polo catedrático de dereito administrativo da Universidade da Coruña Don Francisco Javier Sanz Larruga, a petición dos responsables políticos, acerca da viabilidade xurídica dos acordos para adoptar (nese momento xa adoptados polo Pleno). O informe é favorable, pero parte da base de que o Concello de Cambre non está dentro dos supostos de excepción contidos na Lei de Augas de Galicia.

v.- Pleno municipal do 26 de setembro de 2013 no que se acordan os puntos contidos na proposta do 25 de abril de 2013.

w.- Adquisición por parte do Concello de Cambre con data 4 de decembro de 2013 de 70 accións, de 60,00 euros cada unha, do capital social de EDAR BENS, S.A., por un total de 4.200,00 euros.

## **II.-NORMATIVA APLICABLE.**

- Constitución Española de 1978.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo, aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (Art. 213 e ss ). (TRLHL)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (L.R.B.R.L.).
- R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Reximen Local (T.R.R.L).
- Directiva 2000/60/CE, do 23 de outubro, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas: Directiva Marco de Auga (DMA).
- Lei 37/1992, de 28 de decembro, do IVE.
- Lei 62/2003, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e do orde social.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia. (LAGA)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, po la que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- R.D.L 3/2011, de 14 de novembro, aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Regulamento de Servizos das corporacións locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955 (RSCL)
- RD 2568/86, de 28 de novembro, aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das EE.LL. (ROF).
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Ordenanza fiscal núm. 15 Reguladora da taxa por subministración de auga do Concello de Cambre.
- Ordenanza fiscal núm. 9 Reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros do Concello de Cambre.
- Bases de Execución do orzamento municipal.

Con carácter supletorio:

- R.D.L.1564/89, de 22 de decembro, aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades Anónimas.
- R.D.L. 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital.
- Lei 16/07, de 4 de xullo, de Reforma e Adaptación da Lexislación Mercantil en materia contable.
- Real Decreto 1643/90, de 20 de decembro, de aprobación do Plan Xeral de Contabilidade.(PXC 90).
- Real Decreto 1514/07, de 16 de novembro, de aprobación do Plan Xeral de Contabilidade.(PXC).
- Orde de 10 de decembro de 1998 do Ministerio de Economía e Facenda pola que se aproban as normas de adaptación do PGC as empresas do sector de abastecemento e saneamento da auga.

### **III.- CONSIDERACIONS.**

#### **III.1- Obxecto deste informe.**

Neste punto e importante ter en conta as consideracións seguintes:

a.- O Concello de Cambre, por medio da Intervención Municipal, exerce o control interno respecto da xestión económica dos seus diversos órganos xestores a través da modalidade de función interventora denominada fiscalización tal e como se regula na base de execución 31ª e de acordo co establecido nos arts 213 e 219.2 do TRLHL.

b.- O obxecto principal deste informe versa sobre a articulación do pagamento dos servizos prestados pola entidade EDAR Bens S.A. no contexto normativo citado nos antecedentes.

#### **III.2.- Antecedentes sobre a retribución dos servizos prestados pola entidade EDAR Bens S.A.**

a.- Respecto da sociedade mercantil EDAR Bens S.A. retribúese da prestación dos seus servizos de depuración de augas residuais no termo municipal de Cambre da tarifa incluída dentro da Ordenanza fiscal n.º 9 reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros aprobada polo pleno municipal en sesión celebrada o 19 de decembro de 2013 cunha tarifa de 0,28 € por metro cúbico de auga consumida que foi modificada por acordo plenario adoptado o 26 de outubro de 2016 (pasando a aplicar unha tarifa de 0,25 € por metro cúbico de auga consumida).

b.- Durante o prazo de exposición ao público da modificación da Ordenanza Fiscal n.º 9 aprobada inicialmente polo Pleno Municipal con data 26/10/2016 EDAR Bens S.A. presentou unha alegación asinada polo seu Director Xeral con entrada no rexistro o 19 de decembro de 2016 na que manifesta considerar necesario a introducción no art.5 dun parágrafo nos seguintes termos:

“A explotación do servizo de depuración de augas residuais está encomendada a sociedade EDAR BENS S.A., como medio propio municipal, segundo acordo do pleno de data 26 de setembro do 2013. En consecuencia, en

virtude, non só da potestade tarifaria do Concello, e ao tratarse dunha sociedade mercantil sometida ao réxime de dereito privado, a mesma percibirá, en concepto de prezo ou contraprestación do servizo que presta, as tarifas relativas aos servizos sinalados no apartado 2.2 deste artigo.”

c.- Dita alegación foi informada desfavorablemente pola Intervención Municipal con data 17 de xaneiro de 2017 no que indica, entre outras cuestións que:

“considérase inapropiada a inclusión do parágrafo que suxire a alegación presentada pola EDAR- BENS, en canto á Ordenanza Fiscal nº 9, indicando que a retribución de encoménda xa está fixada polas tarifas aprobadas e estase percibindo pola entidade e que carece de sentido que un medio propio presente unha alegación contra calquera acordo ditado polo órgano do que depende, o que lle daría ao medio propio unha autonomía que a lexislación non lle atribúe”.

### III.3.- Consideracións sobre a retribución dos servizos prestados pola entidade EDAR Bens, S.A.

a.- Por outra parte, no citado informe de Intervención faise mención ao procedemento que se esta aplicando para facer efectiva a remuneración da sociedade EDAR BENS S.A. poñendo de manifesto que:

*“En ningún caso, las ordenanzas fiscales deben contener la forma de prestación del servicio ni cómo han de abonarse los servicios prestados al Ayuntamiento por otras empresas, sino que forma parte de otro tipo de documento, que estará constituido, en caso de prestación indirecta del servicio por medio de una contratación administrativa, por un pliego de cláusulas y un contrato administrativo y, en caso de prestación directa, a través de una encomienda de gestión a un medio propio, como es este caso, un documento o pliego de condiciones económicas aplicable a dicha encomienda, que ha de contener, por un lado, el cuadro de precios que recoja la relación de prestaciones tipo a realizar por la entidad instrumental, la unidad de medida y el coste unitario de realización y, por otro, el modelo de imputación de costes a las prestaciones tipo que comprenda los conceptos de costes y criterios de imputación de los costes a las prestaciones (coste de la mano de obra, directo e indirecto, contrataciones externas, gastos de explotación directos e indirectos...).....*

*Hasta el momento, la empresa Edar-Bens utilizó el sistema de facturación trimestral al Ayuntamiento de los importes recaudados por la Tasa de depuración, por el concepto de “repercusión depuración Cambre”, factura que lleva aparejado un IVA del 10%.*

Respecto desta última afirmación do informe de Intervención procede matizar que a EDAR BENS S.A. está “facturando” trimestralmente por los importes de m<sup>3</sup> incluídos en padrón non dos efectivamente recadados, neste punto debemos ter en conta (como pon de manifesto a Intervención Municipal no Informe de 17 de xaneiro de 2017, que “as tarifas contidas no apartado 2.2 do artigo 5º da Ordenanza Fiscal nº 9, foron calculadas precisamente en base aos estudos de custos realizados pola EDAR- BENS e que constitúen, por tanto, a retribución evidente da encomenda...” e, polo tanto, o Concello terá que transferir a EDAR BENS S.A. como retribución dos servizos encomendados o que efectivamente recade polas tarifas incluídas na Ordenanza fiscal nº 9 en concepto de depuración de augas residuais e non todo o padrón por dito concepto con independencia do efectivamente recadado cando, ademais, neste ámbito dos servizos relativos ao ciclo de auga debemos aplicar sempre o principio de beneficio como xa ven determinado pola normativa europea citada no apartado II deste informe, concretamente a DMA determina a aplicación do principio “quen contamina paga” e dicir, que os custos do tratamento da auga contaminada para facela potable deberían soportalos os causantes da contaminación e non por toda a comunidade veciñal a través dos recursos municipais polo que debe procederse a revisar os pagos realizados a data de emisión deste informe e, no seu caso, regularizar a situación resultante.

b.- A data de emisión deste informe ao asinante do mesmo non lle consta que exista formalizado ningún procedemento (protocolo, acordo, etc) respecto do pagamento dos servizos da EDAR Bens S.A. ao Concello de Cambre como medio propio no ámbito da depuración sendo procedente realizar dita formalización o antes posible.

c.- Na actualidade EDAR BENS S.A. ten presentado no rexistro municipal as seguintes “facturas” ao Concello de Cambre:

NUM. ENTRADA	DATA ENTRADA	NÚM. DOCUMENTO	DATA DTO.	IMPORTE	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	CONCEPTO
F/2018/3716	11/08/2018	B 2017/B/2	01/04/2017	80.034,72	A70290358	EDAR BENS, S.A.	REPERCUSIÓN DEPURACIÓN CAMBRE PRIMER TRIMESTRE 2017
F/2018/3717	11/08/2018	B 2017/B/4	30/09/2017	82.288,36	A70290358	EDAR BENS, S.A.	REPERCUSIÓN DEPURACIÓN CAMBRE SEGUNDO TRIMESTRE 2017



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

F/2018/3718	11/08/2018	B 2017/B/5	13/12/2017	106.884,76	A70290358	EDAR BENS, S.A.	REPERCUSIÓN DEPURACIÓN CAMBRE TERCER TRIMESTRE 2017
F/2018/3719	11/08/2018	B 2018/B/6	03/08/2018	107.449,46	A70290358	EDAR BENS, S.A.	REPERCUSIÓN DEPURACIÓN CAMBRE CUARTO TRIMESTRE 2017
F/2018/3720	11/08/2018	B 2018/B/7	03/08/2018	99.837,82	A70290358	EDAR BENS, S.A.	REPERCUSIÓN DEPURACIÓN CAMBRE PRIMER TRIMESTRE 2018
F/2018/3721	11/08/2018	B 2018/B/8	03/08/2018	104.278,90	A70290358	EDAR BENS, S.A.	REPERCUSIÓN DEPURACIÓN CAMBRE SEGUNDO TRIMESTRE 2018
			<b>TOTAL</b>	<b>580.774,02 euros</b>			

As "facturas" anteriores resultan de aplicar a tarifa da Ordenanza fiscal n.º 9 polo total de m<sup>3</sup> facturados aos usuarios do servizo de acordo co correspondente padrón tributario e inclúen o 10% en concepto de IVE cando en dita ordenanza non resulta recollido dito imposto dada a regulación establecida no art.7 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do IVE.

d.- Segundo os datos dispoñibles nesta Intervención as cifras resultantes da xestión das taxas relativas a depuración no período relativo as "facturas" presentadas por EDAR BENS S.A. son as seguintes:

PERIODO	M3 SUMINIST	TOTAL PADRON	TOTAL RECADACIÓN
1T 2017	261.109	73.110,52	72.960,44
2T 2017	268.731	75.244,68	75.084,80
3T 2017	290.226	97.789,02	97.552,26
4T 2017	289.495	98.155,54	97.681,33
1T 2018	265.137	91.294,89	90.793,15
2T 2018	277.062	95.289,23	94.743,50
<b>TOTAL</b>	<b>1.651.760</b>	<b>530.883,88</b>	<b>528.815,48</b>

Polo tanto, considerando os anteriores razoamentos e as dispoñibilidades orzamentarias do Concello entendo que o importe a aboar neste intre a EDAR BENS S.A e o correspondente a recadación en voluntaria dos padróns trimestrais do exercicio 2017 sen o IVE sobre prestacións obxecto da taxa municipal sobre depuración ,e dicir, 343.278,83 €, procedendo ao ulterior abono dos importes recadados en executiva sen os pertinentes recargos, agás que se formalice outro procedemento diferente para compensar as prestacións efectuadas pola EDAR Bens S.A. Como medio propio do Concello de Cambre.

e.- Procede sinalar tamén a necesidade de que a EDAR Bens S.A., como medio propio, remita regularmente (cando menos anualmente) contas xustificativas do custo do servizo aos efectos de manter o pertinente equilibrio financeiro na prestación do mesmo de acordo ca normativa citada neste informe, circunstancia que deberá recollerse no procedemento ou protocolo que deberá articularse para regular as relacións económicas entre a EDAR BENS, S.A. e o Concello de Cambre.

f.- Como indiquei no punto anteriormente a aplicación do I.V.E. a estas prestacións non esta exenta de diversas interpretacións, pero o procedente na miña opinión e considerar a non suxeición ao IVE da actividade de depuración como xa o ten posto de manifesto a Intervención Municipal no informe emitido con data 17 de xaneiro de 2017:

"Competencia y titularidad del servicio:

*Hay que tener en cuenta, en primer lugar, que la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil encomienda al Ayuntamiento de A Coruña la explotación, mantenimiento y conservación de la estación depuradora de aguas residuales de Bens y el emisario submarino, por medio de un convenio (09/12/10). Ese Ayuntamiento aprueba el establecimiento del servicio y su gestión directa se la encomienda a EMALCSA. El mencionado convenio tiene por objeto la explotación de la estación pero no la gestión del servicio de depuración. Posteriormente (04/04/11), EMALCSA aprueba la constitución de una sociedad mercantil, Edar-Bens, S.A. de capital 100% suscrito por ella para desarrollar la explotación de la estación, tal y como se fija en el convenio.*

*Como consecuencia de la necesidad de colaboración en las competencias del servicio de depuración, el Ayuntamiento de Cambre acuerda el pleno de 26/09/13 el establecimiento del nuevo servicio municipal de aguas residuales y la encomienda de su gestión a la citada empresa, como medio propio y servicio técnico del Ayuntamiento y adquiere un 7% de su capital.*



La normativa básica estatal vigente en materia de depuración de aguas residuales está constituida por el Real Decreto Ley 11/1995 y Real Decreto 509/1996. Según ésta, se procede a un reparto genérico de competencias pero con predominio de atribuciones a la Comunidades Autónomas y el Real Decreto Legislativo 1/2001 aprueba el Texto Refundido de la Ley de Aguas. Esta última no aclara las competencias de las entidades locales en materia de saneamiento de las aguas residuales, por lo que hay que acudir a la normativa básica de régimen local, Ley 7/1985, de 2 de abril. Su artículo 25.2 dispone que el municipio ejercerá en todo caso las competencias en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas sobre...") alcantarillado y tratamiento de aguas residuales".....lo que no implica un ámbito material de competencias que corresponda en exclusiva a las entidades locales. Asimismo, el artículo 86.3 de la LBRL reserva a las entidades locales el servicio de depuración de aguas, lo que supone la atribución al municipio de la **titularidad** de dicho servicio y más notoriamente, la posibilidad de excluir de la prestación del mismo a otros sujetos públicos y privados (según doctrina y jurisprudencia, la **titularidad local** del servicio que se deriva de la reserva no impide que otros niveles públicos detenten competencias sobre el mismo). Se trata de competencias concurrentes que se han de regir por el principio de coordinación.

La Ley 8/2001 de Protección de la calidad de las aguas, declara de interés general de la Comunidad Autónoma de Galicia el servicio de depuración de aguas residuales urbanas...Esto no supone desapoderamiento de las entidades locales, a las que la misma ley reconoce como de su competencia la **gestión y explotación** de las obras e instalaciones de depuración, por sí mismas o mediante cualquier fórmula asociativa con otras entidades locales. A esta competencia municipal se añaden dos excepciones, que son las siguientes: Por un lado, el artículo 26 de la Ley de Aguas de Galicia declara competente a la Comunidad Autónoma en esta materia en aquellos casos en que las entidades locales le hayan delegado la competencia...Dentro de sus competencias también se establece la función de coordinación de la actuación de las entidades locales. Por otro lado, sólo las instalaciones que, declaradas de interés autonómico, formen parte del Plan gallego de Saneamiento, quedarán fuera de las competencias de las entidades locales. Aún así esta declaración de interés se refiere al ámbito material concreto que son las obras e instalaciones, no la prestación del servicio público de depuración de aguas.

A la hora de gestionar el servicio municipal, la modalidad más habitual es la gestión directa, que puede llevarse a cabo por la propia entidad local, mediante un Organismo Autónomo municipal, una entidad pública empresarial local o a través de una sociedad mercantil local, cuyo capital sea de titularidad pública. Esta última cada vez más utilizada y ha de adoptar una de las formas de sociedad mercantil de responsabilidad limitada, es decir, una SL o una SA, ambas limitan la responsabilidad. La sociedad mercantil local puede estar integrada por distintos socios públicos locales. Al tratarse este servicio de depuración de aguas residuales de un servicio de ámbito supramunicipal, se justifica la posibilidad de que se constituya una sociedad pública de ámbito también supramunicipal (a pesar de que la encomienda de gestión para la explotación, conservación y mantenimiento de la EDAR de Bens fuera efectuada por la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil únicamente al Ayuntamiento de A Coruña). Así, la sociedad mercantil interlocal se configura como un único ente instrumental al que le corresponden varias entidades locales dominantes, lo que justifica la **ausencia de autonomía decisoria** respecto de las entidades locales encomendantes al ejercer éstas un control análogo al que ejercen sobre sus propios servicios.

Las encomiendas de gestión se hallan reguladas, entre otros por la Ley 40/2015 de RJSP, que establece en su artículo 11 que ésta no supone la cesión de la titularidad de la competencia ni de los elementos sustantivos para su ejercicio, siendo responsabilidad del órgano o Entidad encomendante dictar cuantos actos o resoluciones de carácter jurídico de soporte o en los que se integre la concreta actividad material objeto de encomienda.

**Sujeción al IVA en las encomiendas de gestión:**

La Ley 37/1992 del IVA, en su artículo 7 recoge las operaciones no sujetas al impuesto; en el apartado 8 establece que no estarán sujetas las entregas de bienes y prestaciones de servicios realizadas directamente por las Administraciones Públicas sin contraprestación o mediante contraprestación de naturaleza tributaria. También recoge que **no estarán sujetos al Impuesto los servicios prestados en virtud de encomiendas de gestión** por los entes, organismos y entidades del sector público que ostenten la condición de **medio propio** instrumental y servicio técnico de la Administración Pública encomendante y de los poderes adjudicadores dependientes del mismo.

Existen diversos pronunciamientos de la Abogacía del Estado (dictamen 25/11/10), la IGAE (circular 5/2013 de 15/04) y la Subdirección de Asistencia Jurídica de la AEAT (informe A/3/51/12, de 06/06), así como numerosas consultas de la DGT. Las ideas fundamentales son:

1. Que se declaran no sujetas a IVA las actividades de los entes públicos que no tengan naturaleza económica.
2. La interpretación del supuesto de no sujeción del art. 7.8º de la Ley del IVA debe realizarse atendiendo al derecho y jurisprudencia comunitaria.

3. Según el criterio del régimen jurídico aplicable, se considerarán no sujetas aquellas actividades realizadas de acuerdo al derecho administrativo y sujetas las realizadas de acuerdo al derecho privado (criterio corregido por el TS de 16/05/11 en lo que se refiere a las sociedades mercantiles públicas).

4. La no sujeción exige que los entes públicos **actúen de forma directa**, aunque la actividad se realice a través de sociedades mercantiles de naturaleza pública.

5. El Tribunal Supremo viene considerando que las entidades íntegramente participadas por entes públicos y dedicadas a la gestión de servicios propios son **órganos técnico-jurídicos** del ente territorial (S.12/06/04). En aplicación del **principio de neutralidad tributaria**, la tributación de la actividad desarrollada por una entidad dependiente de un ente territorial ha de ser la misma que correspondería si esa actividad fuese prestada por el ente territorial.

6. **En las encomiendas de gestión concurren los requisitos de no sujeción del art. 7.8º al tener el ente encomendado el carácter de órgano técnico-jurídico del ente encomendante.**

7. Dado este carácter, las transferencias y aportaciones que los entes públicos de los que dependen destinen a su financiación no constituyen contraprestación de operaciones sujetas al IVA (son **aportaciones de naturaleza pública para la financiación de un órgano técnico jurídico**).

8. Los servicios prestados por el ente encomendado no están sujetos únicamente cuando sean de carácter interno (el destinatario es el ente público); sí lo estarán cuando se presten a terceros (en estos el IVA soportado será **no deducible**)."

Por otra parte considerando o contido de diversas consultas vinculantes emitidas polo Ministerio de Facenda (Dirección Xeral de Tributos) como as seguintes:

-Consulta V362/2009 de 23 de febreiro: na que a entidade consultante ten por obxecto a aducción,depuración e distribución de auga no territorio dunha Comunidade Autónoma e por convenio suscrito entre un Concello e dita Comunidade Autónoma a entidade consultante asume os servizos de sumidoiros e depuración de dito Concello resultando como conclusión que a consultante presta os servizos de depuración,sumidoiros, aducción e distribución de auga aos veciños da Comunidade Autónoma da que depende e, en consecuencia, aínda que a contraprestación dunha parte dos servizos realizados ten natureza tributaria (taxa de saneamento) non se cumpre o requisito de actuación directa establecido polo art.7.8 da Lei 37/1992 do IVE,al actuar tanto a Administración Autonómica como a Local por medio da consultante,que ten a condición de empresa pública e é quen actúa en nome propio fronte aos veciños expedindo periodicamente unha factura comprensiva da prestación de tales servizos polo que en estas circunstancias todos os servizos descrito prestados pola consultante atópanse suxeitos e non exentos ao IVE.

Debemos lembrar que no suposto da Actuación da EDAR BENS,S.A. no termo municipal de Cambre dita entidade non actúa en nome propio fronte aos veciños, senón como medio propio do Concello e tampouco expide factura periodicamente aos mesmos.

2.-Consulta V528/2007, de 14 de marzo: na que a entidade mercantil consultante, creada ao amparo do disposto no art.85.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e propiedade integra dun Concello e ten por obxecto a limpeza e mantemento das praias, parques e xardíns urbanos así como a recollida e transporte dos residuos sólidos urbanos e solicita indicación da suxeición ou non ao IVE por ditas actividades.Resultando como conclusións,entre outras cuestións, que:

- O requisito esencial a analizar é o carácter independente que ditas entidades poidan chegar a ter en relación co Ente territorial que as creou e do que dependen.

- Se indica que "O exposto ata este punto resulta coherente co criterio manifestado desde un punto de vista de dereito nacional polo Tribunal Supremo, aínda que hai que matizar con carácter previo que devandito criterio non se refire ás relacións que os Entes creados manteñen cos concellos dos que dependen – (relacións internas), senón ás que teñen por destinatarios aos veciños, sen prexuízo de que a argumentación resulte plenamente válida para a análise daquelas.

- Pois ben, reproducindo en todas elas a mesma fundamentación xurídica, o Alto tribunal español (o Supremo) pronunciouse reiteradamente en sentenzas como a 25 de setembro de 2002, 24 de xuño de 2003, 23 de abril de 2004 ó 12 de xuño de 2004, no sentido de considerar que as entidades íntegramente participadas por concellos e dedicadas á xestión de servizos propios do Ente territorial, non son senón órganos técnico-xurídicos deste último.

- Por outra banda, se se afirma o carácter das entidades creadas como órganos técnico-xurídicos dos Entes públicos dos que dependen, as transferencias e achegas que estes últimos destinen ao financiamento dos segundos non poden constituír contraprestación de operacións suxeitas ao Imposto, sendo a súa única finalidade a dotación de recursos suficientes para o desenvolvemento das funcións encomendadas.

- Sendo iso así, a súa realidade a efectos do Imposto non pode ir máis aló da súa consideración como meros centros de gasto, sen que por tanto o financiamento que reciben do Ente do que dependen poida cualificarse como contraprestación de operacións suxeitas ao mesmo.

- A concreta aplicación de todo o exposto ata este punto ao suposto consultado, determina que a entidade consultante non é máis que un órgano técnico xurídico do concello que a creou polo que as relacións internas entre o devandito concello e a consultante non determinarán a realización de operacións suxeitas ao Imposto sempre que efectivamente concorran os seguintes requisitos:

1º.-A creación da sociedade consultante tivese lugar ao amparo do disposto polo artigo 85.2 da Lei 7/1985, como sociedade mercantil local para a xestión directa do servizo público.

2º. O seu capital sexa propiedade íntegra do Ente territorial, quen, en consecuencia, gobernará en todo momento o seu proceso de toma de decisións.

3º. Teña por único e exclusivo destinatario dos bens que entregan ou servizos que prestan ao Ente local que a creou.

4º. O seu financiamento leve a cabo a través da correspondente consignación nos orzamentos da entidade local.

5º. Non haxa risco algún de distorsión da competencia que se poida derivar do tratamento que se sinala nesta contestación. Concorrendo os requisitos expostos, os servizos prestados pola consultante ao concello non estarán suxeitos ao Imposto, non podendo dita entidade deducir en ningunha medida o Imposto que soporte pola realización dos devanditos servizos.

De acordo cas anteriores consideracións e razoamentos ademais das consultas vinculantes descritas o asinante deste informe entende que non e procedente a aplicación de IVE as prestacións realizadas no ámbito da depuración pola Entidade medio propio do Concello EDAR BENS S.A.

En calquera caso, de persistir diferencias de criterio neste punto e antes de proceder a realizar calquer pago na miña opinión procedería elevar a consideración da Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Facenda a resolución dunha consulta vinculante concreta sobre a aplicación ou non de IVE as prestacións realizadas pola EDAR BENS S.A. como medio propio do Concello no ámbito da actividade de depuración.

#### **IV.-CONCLUSIONS.**

Da exposición anterior podemos deducir as seguintes conclusións,

a.- A explotación do servizo de depuración de augas residuais está encomendada a sociedade EDAR BENS S.A., como medio propio municipal, segundo acordo do pleno de data 26 de setembro do 2013, pero non existe unha formalización e articulación da forma de compensar á citada sociedade-medio propio pola actividade encomendada no ámbito da depuración, polo que urxe realizar unha concreción do procedemento e condicións de realización de tal compensación.

Esta regularización da relación entre a EDAR BENS, S.A. e o Concello de Cambre pasa, como mínimo, por dous aspectos:

a.1.-Protocolizar e formalizar o procedemento de compensación da actividade encomendada mediante a regulación dos pagos periódicos a EDAR BENS, s.a. orixinados na taxa de depuración e actualmente na prestación patrimonial de carácter público non tributario sobre a actividade de depuración, normalmente sobre a recadación dos correspondentes padróns en voluntaria e posteriormente en executiva sen os correspondentes recargos.

a.2.-Regular o contido e periodicidade da información sobre custos dos servizos prestados pola EDAR BENS, S.A., no marco da encomenda de xestión vixente, que deberá remitir regularmente ao Concello.

b.- Non se entende procedente a repercusión do IVE nas "facturas" remitidas pola EDAR BENS, S.A., debendo efectuarse, no seu caso, unha regularización do IVE aboad polo Concello a EDAR BENS en pagos anteriores.

c.- Tampouco se considera correcto que o denominado medio propio "facture" ao Concello debendo formalizar un sistema de abono periódico da correspondente recadación dos ingresos de dereito público sobre o servizo de depuración como xa se manifestou anteriormente.

d.- Tendo en conta o exposto e as disponibilidades orzamentarias do Concello entendo que o importe a aboar neste intre a EDAR BENS S.A e o correspondente a recadación en voluntaria dos padróns trimestrais do exercicio 2017 sen o IVE, sobre prestacións obxecto da taxa municipal sobre depuración, é dicir, 343.278,83 €.

E canto teño a ben informar, agás mellor criterio fundado en dereito.”

Considerando as conclusións do mesmo no que se refire ao abonamento dos servizos prestados,

É polo que se propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Recoñecer e liquidar obrigas a prol do medio propio Edar Bens SA co CIF A70290358 por importe de *trescentos corenta e tres mil douscentos setenta e oito euros con oitenta e tres céntimos* (343.278,83 €) con cargo á aplicación orzamentaria 2018 160 22799 “Depuración augas residuais e rede de sumidoiros” como compensación polos servizos prestados no ano 2017 (1º, 2º, 3º e 4º trimestre) do servizo de depuración de augas residuais encomendado, así como aprobar o seu pagamento e a realización do mesmo.»

Sometida a proposta, tal e como foi transcrita, a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona Mª Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta Mª Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona Mª Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona Mª Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez), o concelleiro presente de ACdC-SON (don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona Mª José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, adoptou o seguinte acordo:

Recoñecer e liquidar obrigas a prol do medio propio Edar Bens SA co CIF A70290358 por importe de *trescentos corenta e tres mil douscentos setenta e oito euros con oitenta e tres céntimos* (343.278,83 €) con cargo á aplicación orzamentaria 2018 160 22799 “Depuración augas residuais e rede de sumidoiros” como compensación polos servizos prestados no ano 2017 (1º, 2º, 3º e 4º trimestre) do servizo de depuración de augas residuais encomendado, así como aprobar o seu pagamento e a realización do mesmo.

## **2.2. Ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 2542/2018, do 12 de decembro, de aprobación do “Modificado do proxecto de reforma de local comercial para uso de oficinas municipais”, corrixido segundo requirimento da Deputación provincial, incluído no PAI 2016 principal**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:05:55

Vista a proposta de Alcaldía do día 13 de decembro de 2018 que consta do seguinte teor literal:

«Con data 12 de decembro de 2018, por esta Alcaldía ditouse a Resolución núm. 2542/2018, que consta do seguinte teor literal:

“Logo de ver que o Pleno municipal, en sesión extraordinaria e urxente do día 16 de marzo de 2016 acordou, entre outros asuntos, participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, no que se incluíron entre outros proxectos o denominado “Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais”, cun orzamento de execución por contrata de 221.744,60 €, redactado por don Óscar Valcuende Rodríguez.

Logo de ver que o Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día 26 de abril de 2018, adoptou entre outros acordos, a aprobación do proxecto denominado “Modificado do proxecto de Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais”, elaborado con data 4 de abril de 2018 polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, cun importe de execución por contrata, trala aplicación da porcentaxe de baixa ofertada polo

adxudicatario, de 155.376,44 €, IVE engadido, sen supoñer incremento ningún respecto ao presuposto de adxudicación da obra.

Logo de ver que con data 4 de setembro de 2018, recibíuse no Concello de Cambre un requirimento da Deputación Provincial da Coruña, no que se fai constar expresamente que “oproxecto técnico modificado ten que ser un documento completo para poder marcar como obsoleto o proxecto técnico anterior, polo que ese concello está pendente de presentar un proxecto modificado completo”, con data 10 de setembro de 2018, o señor alcalde ditou a resolución 1787/2018 mediante a que se aproba o proxecto denominado “Modificado do proxecto de Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais” asinado con data do 23 de agosto de 2018 polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, cun importe de execución por contrata, trala aplicación da porcentaxe de baixa ofertada polo adxudicatario, de 155.376, 44 € (IVE engadido), sen supoñer incremento ningún respecto ao presuposto de adxudicación da obra.

Logo de ver que con data 20 de setembro de 2018 e rexistro de saída da Deputación Provincial, recíbese requirimento de emenda do proxecto modificado remitido polo Concello de Cambre, debendo corrixir as deficiencias advertidas polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da deputación e posteriormente, proceder á aprobación do proxecto modificado corrixido.

Á vista de que polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito procedeuse a corrixir as deficiencias advertidas, asinando con data 12 de decembro de 2018 o proxecto corrixido denominado “Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais”,

Á visto de que segundo informe emitido polo arquitecto municipal con data 12 de decembro de 2018, as correccións versan sobre cuestións técnicas non substanciais, non afectando á natureza e finalidade do investimento a realizar nin a súa valoración económica,

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro:** Aprobar o proxecto denominado “Modificado do proxecto de Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais” asinado con data 12 de decembro de 2018 polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, unha vez corrixidas as deficiencias advertidas polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación Provincial da Coruña.

**Segundo:** Dar traslado da presente resolución á Excm. Deputación Provincial da Coruña, a través da plataforma SUBTEL, para a aprobación pola mesma do proxecto modificado corrixido. ”

Tendo en conta o disposto na citada resolución, propono ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 2542/2018, do 12 de decembro, de aprobación do proxecto “Modificado do proxecto de Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais” corrixido segundo requirimento da Deputación provincial, incluído no PAI 2016 principal.

**Segundo:** Notificar aos interesados para os efectos oportunos.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 20 de decembro de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), o concelleiro presente de ACdC-SON

(don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **2.3. Aprobación, se procede, das bases da trixésimo cuarta edición do Certame de Pintura “Concello de Cambre”**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:16:14

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade do día 17 de decembro de 2018 que consta do seguinte teor literal:

«É vontade do concelleiro da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade celebrar a trixésimo cuarta edición do Certame de Pintura Concello de Cambre a fin de retomar a frecuencia anual que veu tendo até agora este concurso.

Considerando esta iniciativa como unha proposta interesante para a veciñanza e para o noso concello, que conta ademais cunha sólida traxectoria, e na confianza de que o premio seguirá a servir como estímulo aos respectivos autores e creadores. Na crenza, por outro lado, de que é un elemento promocional da imaxe deste concello por todo o estado español e que así mesmo posibilita desfrutar e dispoñer dun patrimonio pictórico municipal, se presentan as bases desta edición que teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder este premio.

Por todo isto dende a Área de Cultura, Deportes e Mobilidade propoño ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente as Bases da XXXIV edición do Certame de Pintura “Concello de Cambre”

#### **“BASES DA XXXIV EDICIÓN DO CERTAME DE PINTURA CONCELLO DE CAMBRE”**

##### **1. OBXECTO**

O Concello de Cambre convoca o TRIXÉSIMO CUARTO CERTAME DE PINTURA CONCELLO DE CAMBRE dotado cun premio de 6.000,00 euros e dous accésits. Esta cantidade estará suxeita ás retencións legais que lle sexan aplicables.

##### **2. PARTICIPANTES**

Poderán concorrer artistas de calquera nacionalidade residentes en España cun máximo de dúas obras. Achegarán unha fotocopia do DNI ou documentación que o acredite como residente, breve currículo do autor ou autora, unha foto a cor de cada obra presentada e a ficha de participación debidamente cuberta.

Non poderá acceder ao premio aquel artista que xa fose galardoado con esta distinción nalgunha das dez edicións anteriores.

Toda a información sobre o Certame e especialmente os prazos estará dispoñible e actualizada na páxina web municipal, [www.cambre.org](http://www.cambre.org)

##### **3. OBRAS**

A presentación da obra implicará a presunción da súa autoría. No dorso de cada obra deberá figurar o título, un pseudónimo e o ano da súa realización.

As dimensións deberán estar entre 150 cm de máximo e 90 cm de mínimo. As obras que se presenten deberán ser únicas, orixinais e non premiadas noutros certames. Admitirase calquera tipo de material que soporte o transporte e

a manipulación sen perigo para a integridade da propia obra, excepto vidro, sendo o tema e técnica libres. As obras estarán sen enmarcar ou enmarcadas cun listón.

#### 4. CONVOCATORIA

Unha vez publicadas as Bases do Certame o alcalde, ou concelleiro delegado competente, acordará convocar a XXXIV Edición do Certame de Pintura.

De dita convocatoria se dará traslado a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 20 da lei xeral de subvencións.

#### 5. PRAZO E LUGAR DE RECEPCIÓN

O prazo de presentación será de un mes a partir da publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) do extracto da convocatoria do cal se dará publicidade na paxina web municipal.

As obras a concurso remitiranse á Casa da Cultura “Vila Concepción”, Praza Vila Concepción, nº 1, O Temple 15679 Cambre (A Coruña), en horario de 10:00 a 13:30 horas, de luns a sábado. O último día da recepción terán que estar presentadas fisicamente nesta sede. Non se admitirá a presentación das obras fóra deste prazo e horario.

Máis información no teléfono: 981 613 193 (Concellería de Cultura, Deportes e Mobilidade)  
Correo electrónico: [areacultura@cambre.org](mailto:areacultura@cambre.org)

#### 6. XURADO

Estará constituído por tres compoñentes, todos eles artistas ou profesionais da arte que contén cunha traxectoria constatable nos seus respectivos campos. O concelleiro da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade ou a persoa en quen delegue, con voz pero sen voto, presidirá o xurado, actuando como secretario un funcionario do departamento de cultura, que redactará a Acta do xurado.

Seleccionará, de acordo coas dimensións da sala de exposicións, un número de obras que destaquen polo seu valor artístico, orixinalidade e que respondan ás tendencias artísticas actuais, de entre o conxunto de obras presentadas. Proporá a adxudicación do premio a obra que mellor reflexe estes criterios e poderá propor dúas máis como primeiro e segundo accésits. O xurado resérvase o dereito a declarar o premio deserto e o seu veredicto é inapelable.

#### 7. A EXPOSICIÓN

Na Sala de exposicións da Casa da Cultura terá lugar anticipadamente a exposición das obras seleccionadas, indicándose unicamente na tarxeta identificativa de cada obra, o título e a técnica utilizada.

A inauguración da exposición e a entrega do premio realizarase en acto público e darase a coñecer a través da páxina web municipal e os medios de comunicación habituais.

A/o premiada/o terá a obriga de asistir ao acto de inauguración. O custo de desprazamento e aloxamento correrán por conta da organización. As/os seleccionadas/os para os accésit deberán asistir en persoa ou por medio de un representante.

A exposición estará aberta ao público durante un mes dende o día da inauguración no horario habitual da sala.

#### 8. O CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN

Realizarase un catálogo das obras seleccionadas. Os autores ceden ao Concello de Cambre os dereitos de reprodución da obra para a incorporación ao catálogo, á páxina web municipal e a calquera outro soporte dixital ou físico, en calquera momento, co único fin de promocionar e dar difusión a este certame.

## 9. A OBRA PREMIADA

A obra premiada pasará a formar parte do Patrimonio Cultural do Concello de Cambre.

As obras presentadas estarán aseguradas mentres permanezan nas dependencias municipais e nos prazos sinalados para a súa retirada, declinando a organización toda responsabilidade fóra destes e durante o seu transporte.

## 10. RETIRADA DAS OBRAS

As obras non seleccionadas poderán retirarse no mesmo lugar da entrega e no horario habitual, no prazo que se faga público na páxina web municipal. E igualmente as obras seleccionadas unha vez finalizada a exposición.

Transcorridos estes períodos, non terán dereito a ningunha reclamación e o Concello de Cambre disporá sobre o seu destino.

As obras recibidas mediante transporte de mercancías ou correos remitiranse aos seus autores polo servizo que eles mesmos determinen, previa comunicación á organización do certame, salvo que as retiren persoalmente ou por medio dunha persoa autorizada. Os gastos de transporte das obras correrán a cargo dos participantes. A embalaxe deberá ser reutilizable.

## 11. ACEPTACIÓN DAS BASES

O xurado e a organización do certame están facultados para tomar as decisións que consideren oportunas ante a aparición dalgún imprevisto non recollido expresamente nas presentes bases. A participación neste certame implica o coñecemento e a aceptación íntegra destas bases.

### FICHA PERSOAL DE PARTICIPACIÓN

#### DATOS DO AUTOR/A

Nome e apelidos: ..... NIF.: .....  
Nome artístico/seudónimo: ..... E-Mail: .....  
Enderezo: ..... Teléfono: .....  
Localidade: ..... CP: ..... Provincia: .....

- fotocopia DNI ou documentación na que acredite a residencia  
 currículo

#### DATOS DA OBRA 1

Título: .....  
Técnica: .....  
Medidas: .....  
Ano: .....

- foto 1 a cor

#### DATOS DA OBRA 2

Título: .....  
Técnica: .....  
Medidas: .....  
Ano: .....

- foto 2 a cor

Asinado.....

*Os datos incluídos nesta ficha serán incorporados a un ficheiro manual e automatizado propiedade do Concello de Cambre. Segundo a lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE 6/12/2018), vostede poderá exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición por escrito ao Concello de Cambre - Área de Cultura, Rúa Río Barcés, 8, 15660 Cambre (A Coruña - España) ou á dirección de correo electrónico [areacultura@cambre.org](mailto:areacultura@cambre.org).*

**Segundo:** Aprobar un gasto de seis mil euros (6.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 334 48100 "Becas e premios promoción cultural", con carácter anticipado.





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Terceiro:** Publicar os presentes acordos no *Boletín oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**Cuarto:** No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobadas as Bases da XXXIV edición do Certame de Pintura Concello de Cambre, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**Quinto:** Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación definitiva das Bases.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social o 20 de decembro de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), o concelleiro presente de ACdC-SON (don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### 2.4. Designación, se procede, dunha vía ou praza co nome de “María Pita”

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:22:30

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa especial de honores e distincións o día 20 de decembro de 2018.

Vista a proposta de Alcaldía de data 21 de decembro de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“Visto o expediente incoado mediante Resolución de Alcaldía núm. 1844/2018, do 18 de setembro, para a concesión dunha vía ou praza co nome de “María Pita”, que foi instruído polo concelleiro don Manuel M<sup>a</sup> Mora Pita da Veiga, do PP.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa especial de honores e distincións o día 20 de decembro de 2018.

En cumprimento do disposto no artigo 18.3 do Regulamento especial de honores e distincións do Concello de Cambre, propono ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Designar unha vía ou praza do Concello de Cambre co nome de “María Pita”.

**Segundo:** Dar traslado, para os efectos oportunos, ao Departamento de Estatística municipal.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez), o concelleiro presente de ACdC-



SON (don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## **2.5. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:26:17

Este punto non foi utilizado.

## **3. PARTE DECLARATIVA**

### **3.1. Declaracións institucionais**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:26:21

Este punto non foi utilizado.

### **3.2. Mocións dos grupos municipais**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:26:26

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE en relación coa atención primaria no Concello de Cambre. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez), o concelleiro presente de ACdC-SON (don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

### **A) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE respecto da atención primaria no Concello de Cambre**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:26:28

Foi rexistrada de entrada no concello ao núm. 0/8976 o día 20 de decembro de 2018.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“A concepción da atención primaria como porta de entrada do sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, polo tanto, estea máis preto.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de agarda.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

Dende a chegada ao goberno de Núñez Feijóo en 2009 o sistema público de saúde soamente ten contratado de maneira estable a menos dun 15% dos titulados MIR, o que supón un dato preocupante. Unha cifra tan baixa resulta a todas luces insuficiente para cubrir as necesidades dun sistema que precisa unha dispersión notoria e unha forme implantación no territorio, para paliar os problemas demográficos antes sinalados. Unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servizos, afastando a atención dos e das cidadáns.

A construción de novos centros de saúde, ou a reforma dalgúns xa existentes, supón outro dos grandes déficits da atención primaria na sanidade pública galega. Os orzamentos de 2016, 2017 e 2018, por coller os exemplos máis recentes, coinciden nos compromisos de varios centros de saúde apuntados nun e outro, os mesmos sucesivamente, ignorando ningunha responsabilidade polo anuncio e compromiso de infraestruturas que logo nunca se inician e ademais sen incluír ningunha partida orzamentaria específica. O Plan de mellora da atención primaria, iniciado na lexislatura 2005-2009, supuxo unha base estratéxica que non foi continuada polos gobernos de Núñez Feijóo, que non amosaron un proxecto real para o fortalecemento da atención primaria.

A atención pediátrica na atención primaria supón unha das maiores reivindicacións de carácter local e comarcal nas demandas sanitarias de Galicia. O reducido número de especialistas de pediatría existentes dificulta a posibilidade de incorporar especialistas necesarios ao sistema de saúde. Nos 9 anos de goberno de Núñez Feijóo non existe unha proposta firme de medidas para paliar este déficit e o problema de falta de profesionais e, polo tanto, de alteración na asistencia sanitaria pediátrica, continúa sen que exista previsión de mellora. Existen mecanismos en formación, contratación e planificación que permitirían afrontar de maneira real unha problemática que, doutro xeito, persistirá e enquistará no sistema.

No caso sinalado do Concello de Cambre a atención primaria realízase nos centros de saúde de Cambre (que unha vez se realice o traslado da biblioteca pediremos sexa asumido polo Sergas, polo acordo asinado coa FEGAMP) e polo centro de saúde do Temple. Estes centros contan con 14 FEAS de atención primaria, e 3,5 pediatras (porque un compártese con Carral) para atender a unha poboación de habitantes de 24.771, dos que 3.661 son ata 15 anos. A atención sanitaria vese aminorada no caso dunha baixa ou vacacións dalgún profesional, pois limitáanse en exceso as substitucións e o resto de profesionais deben asumir a carga de traballo total, acumulándose as esperas e os atrasos. Esta situación ven sendo alertada polos profesionais e usuarios, sen que dende o Sergas se ofrezca unha solución satisfactoria.

Proposta:

Instar á Xunta de Galicia a:

**Primeiro:** Asumir a titularidade do centro de saúde de Cambre (unha vez se traslade a biblioteca), en virtude do acordo asinado coa FEGAMP, facéndose cargo do mantemento das instalacións por ser competencia autonómica.

**Segundo:** Garantir a correcta atención primaria no Concello de Cambre mediante a contratación necesaria de substitutos facultativos de medicina xeral e, de ser o caso, de atención pediátrica, para poder manter o número de profesionais activos no centro de saúde segundo está planificado.

**Terceiro:** Acordar co Goberno de España que facilite e axilice os procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, e dotar dos recursos necesarios aos centros sanitarios e facultade de medicina da USC para que exista a mellor cobertura posible de todo o proceso formativo.”

Sometida a moción a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez), o concelleiro presente de ACdC-SON (don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por trece votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:40:54

Don Antonio Bruquetas Santos, voceiro suplente de ACdC-SON, xustifica a urxencia da moción polo Día Internacional das persoas migrantes, que foi presentada a través do Rexistro Electrónico Común Rexistro Electrónico Común o día 21 de decembro de 2018, e rexistrada de entrada no concello ao núm. 900/3137 o mesmo día 21, polo que non cumpre co prazo de tres días de antelación ao de realización da sesión ordinaria que establece o artigo 125.3 do Regulamento orgánico municipal.

Sometida a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON, votan a prol da urxencia o concelleiro presente de ACdC-SON (don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra da urxencia os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os tres concelleiros presentes do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por dezasete votos en contra, rexeita a declaración de urxencia da moción presentada.

#### **4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN**

##### **4.1. Informes do equipo de goberno**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:43:39

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 2473/2018, do 3 de decembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Ramón Boga Moscoso dende o día 5 ao 7 de decembro de 2018, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

“**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 2605/2018, do 18 de decembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Leonor Fernández Grande dende o día 24 ao 27 de decembro de 2018, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución número 1841/2016, de data 18 de novembro.

**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

Faise constar que, cando son ás vinte horas e corenta e cinco minutos, auséntase da sesión dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, do PSdeG-PSOE.

## 4.2. Rogos

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:44:25

### Rogos do PP presentados por escrito

**1º rogo** - *Acceso á videoacta:* Minuto 00:47:56

Presentado a través do Rexistro Electrónico Común o día 21 de decembro de 2018, e rexistrado de entrada no concello o día 24 de decembro ao núm. 900/3146.

Lee o rogo dona Rocío Vila Díaz.

É frecuente que os veciños do noso municipio se dirixan aos concelleiros do Grupo Municipal Popular referindo as súas queixas sobre o estado no que se atopan os farois instaladas nos nosos lugares públicos.

Nesta ocasión son os farois da rúa Pintor Lucio, de Cambre, os que foron obxecto de críticas e da que se achegan fotografías sobre o seu mal estado.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se solicite do equipo de goberno que se adopte un plan de revisión ou mantemento dos farois no noso municipio e se resolvan os problemas advertidos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, acepta o rogo.

**2º rogo** - *Acceso á videoacta:* Minuto 00:49:10

Presentado a través do Rexistro Electrónico Común o día 21 de decembro de 2018, e rexistrado de entrada no concello o día 24 de decembro ao núm. 900/3147.

Lee o rogo dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe.

Téñense recibido queixas dos veciños e/ou usuarios do recentemente remocicado parque infantil da Barcala sobre a falta de ancoraxe dos bancos situados nos seus arredores, como os existentes na fotografía que se achega.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se requira a fixación ao chan dos ditos bancos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, acepta o rogo.

## Rogos de ACdC-SON presentados por escrito para o pleno ordinario do mes de novembro

Presentados a través do Rexistro Electrónico Común o día 27 de novembro de 2018, e rexistrados de entrada no concello ao núm. 900/2880 o mesmo día 27, xunto coas preguntas presentadas para o pleno ordinario do mes de novembro, e que quedaron pendentes de tratar por estar presentados fóra de prazo.

**1º rogo - Acceso á videoacta:** Minuto 00:49:43

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Unha vez máis, veciños/as da rúa Miguel González Garcés, trasladaron ao noso grupo que na beirarrúa fronte ao parque infantil do Carballo hai unhas tapas de rexistros que non están ben axustadas producindo ruídos molestos cando se pisa enriba delas.

Pregamos realicen as xestións oportunas para corrixir o problema e comuniquen o cumprimento do rogo ao noso grupo municipal.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, acepta o rogo.

**2º rogo - Acceso á videoacta:** Minuto 00:51:02

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Xa supera os dous anos que o noso grupo ten presentado esta mesma petición que hoxe reiteramos, tendo en conta que durante todo este tempo o Goberno fixo oídos xordos.

Non cesaron as queixas de numerosos usuarios e veciños, máis ben o contrario, sendo cada vez maiores. Se á desatención do Goberno lle engadimos as queixas dos veciños e que o tema de que se trata afecta directamente á seguridade viaria, dende o noso grupo municipal vémonos na responsabilidade de urxir e reiterar esta petición.

Falamos novamente do estado de perigo e inseguridade que se produce no camiño que transcorre entre a estrada CP-1704 Brexo a Sta. Mª de Vigo CP-1704, presentando zonas que comportan perigo para a circulación rodada e peonil (sobre todo na proximidade do río Brexa).

Polo exposto, pregamos ao Goberno corrixan esta situación de perigo, coa instalación de biondas de seguridade nas marxes da estrada.

O señor alcalde informa de que este rogo será contestado, por escrito, pola concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Mobilidade.

**3º rogo - Acceso á videoacta:** Minuto 00:52:10

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Recentemente vimos de aprobar varias iniciativas relacionadas coa vivenda social en Cambre, así como relativas á problemática na que se atopan inmersas varias familias do noso concello residentes no edificio sito na Patiña, como consecuencia da inexistencia de vivenda social no noso concello e a ausencia de políticas orientadas á súa consecución por parte do actual goberno, a pesar de ter iniciativas aprobadas a este respecto dende hai anos.

Unha desas iniciativas recentemente aprobadas foi unha declaración institucional subscrita e apoiada por todos os grupos. Na dita declaración chegouse a unha serie de acordos entre os que se contemplaba unha reunión de



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

urxencia coas administracións estatal e autonómica, solicitar un informe legal ao gabinete xurídico da Deputación sobre a situación da propiedade do inmovible, esixir a urxente renovación dos alugueres na Patiña, solicitar que a Xunta poña a disposición das familias que o necesiten alugueres sociais, o estudo de medidas legais contra calquera empresa que leve a cabo políticas especulativas en Cambre e esixir á Xunta de Galicia e Estado que poñan en marcha un mecanismo urxente de recolocación nos casos necesarios.

Pasado un mes, e tendo en conta que en varios destes puntos incluímos o termo urxente, aínda non temos coñecemento do estado de tramitación destes puntos, polo que invitamos ao Goberno que aproveite esta sesión plenaria para informarnos a todos os presentes sobre o punto de xestión no que nos atopamos en cada un dos acordos.

Na mesma sesión aprobouse unha moción presentada polo grupo da ACdC con varios acordos ás que se sumaron dous máis doutro grupo.

Dos acordos adoptados queremos facer mención aos seguintes:

**Primeiro:** Realizar as xestións oportunas coa Xunta de Galicia para colaborar no Programa de vivendas baleiras.

**Terceiro:** Por en marcha a primeira fase dun Plan municipal dirixido a vivendas de alugueiro social."

Estes compromisos foron adoptados coa abstención do equipo de goberno.

Días despois foi celebrado un pleno extraordinario relativo nun dos seus puntos a este mesmo tema. Naquel pleno o grupo propoñente formulou a seguinte medida:

"Proposta de asunción polo Concello de Cambre das competencias propias en materia de promoción e xestión de vivenda de protección pública, recollida no artigo 25.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e en particular do compromiso de adherirse á maior brevidade posible ao Programa de vivendas baleiras da Xunta de Galicia"

O equipo de goberno no seu conxunto votou en contra deste punto, tendo en conta que poucos días antes coa súa abstención permitiron que esta mesma petición se aprobara, e eles se comprometeran con todos os veciños e veciñas a levar a cabo o cumprimento desa iniciativa.

As faltas de coherencia e o costume de prometer unha cousa e facer a contraria é unha constante do actual equipo de goberno, pero nesta situación, que entendemos debe ser de total respecto e seriedade cara ao que é un grave problema no noso concello, requirimos ao Goberno que comece a comportarse dun xeito profesional e respectuoso. Non entendemos como se pode votar unha cousa e a contraria sendo os máximos representantes desta institución.

Pregamos:

Sexan iniciadas as actuacións precisas para dar cumprimento aos acordos adoptados polo conxunto desta Corporación, e particularmente polos membros do equipo de goberno no relativo aos acordos adoptados no pleno ordinario de outubro respecto da moción de ACdC.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, acepta o rogo.

### 4.3. Preguntas

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:57:29

## Preguntas do PP presentadas por escrito

Presentadas a través do Rexistro Electrónico Común o día 21 de decembro de 2018, e rexistradas de entrada no concello o día 24 de decembro ao núm. 900/3145.

### 1ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 00:57:57

Lee a pregunta don Manuel M<sup>a</sup> Mora Pita da Veiga.

Nalgúns lugares públicos do municipio advertiuse polos nosos veciños a existencia de pintadas ofensivas para determinados colectivos, que non só deberían desaparecer do espazo público senón evitar que se repetiran, ao denotar odio cara a colectivos concretos. Acompáñanse fotografías demostrativas dalgunhas destas pintadas, neste caso concreto na urbanización da Barcala.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao equipo de goberno sobre as medidas previstas ao respecto.

O señor alcalde expón que este rogo será contestado por escrito pola concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Mobilidade, se ben dá conta de parte das actuacións previstas.

### 2ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 00:58:58

Lee a pregunta don Manuel Rivas Caridad.

Foron varios os veciños do municipio os que manifestaron aos membros do Grupo Municipal Popular o seu malestar respecto do tratamento que dende o noso concello se concede ás queixas ou requirimentos de actuación presentados ante este.

Segundo refiren os veciños, efectuada unha queixa ou proposta de actuación, infórmaselles da apertura dunha incidencia. Transcorrido un tempo sen terse resolto o problema advertido, reitérase a queixa ou proposta de actuación, á que se lle outorga un novo número de incidencia, informándose aos veciños, que esta nova incidencia anula a anterior e, polo tanto a antigüidade e reiteración da denuncia.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao equipo de goberno sobre o procedemento que está sendo aplicado nestes casos.

O señor alcalde contesta a pregunta.

### 3ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:02:26

Lee a pregunta don Juan M<sup>a</sup> Abalo Castex.

De igual forma téñense recibido queixas veciñais respecto da organización e desenvolvemento de actividades dirixidas a distintos colectivos, especialmente talleres de memoria e talleres de manualidades que se están levar a cabo dende o noso concello.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao equipo de goberno sobre os cambios de criterio e/ou contratación dos encargados dos ditos talleres, dos que se descoñece a súa procedencia e que están centralizando as queixas veciñais así como as perspectivas de solución a curto prazo ás ditas queixas.



Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, contesta a pregunta.

### **Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito**

Presentadas a través do Rexistro Electrónico Común o día 27 de novembro de 2018, e rexistradas de entrada no concello ao núm. 900/2880 o mesmo día 27, xunto cos rogos presentados para o pleno ordinario do mes de novembro, e que quedaron pendentes de tratar por estar presentadas fóra de prazo.

#### **1ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:07:40**

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Ante a chegada do outono e as conseguíntes choivas, o grupo municipal de ACdC pregunta ao Goberno municipal se puxo, ou ten pensado poñer en marcha, algún plan de limpeza dos sumidoiros a través da activación dos medios necesarios e suficientes para evitar inundacións.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada de Servizos, contesta a pregunta.

#### **2ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:08:16**

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

A protección do réxime das augas realízase basicamente mediante a protección de dominio público hidráulico para o que se delimitan.

Na zona do Temple, onde comeza o entubamento do regato de San Pedro, existe un cercado que non respecta a zona de servidume legalmente establecida por lei, impedindo o seu paso e circulación de persoas pola dita zona de servidume.

Ten o Goberno coñecemento da situación, e ten actuado respecto dela?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambientes, contesta a pregunta.

#### **3ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:09:14**

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Como consecuencia das obras relativas á reordenación da rúa O Balado, un poste de madeira que sustenta liñas de subministración atópase en estado de posible derrubamento e alto grao de perigo.

Tal e como se pode observar nas fotografías achegadas, na súa base ten cintas sinalizadoras, polo que entendemos que alguén observou o seu perigo, pero non existe sinalización ningunha nin tan sequera uns valos de protección que eviten que un peón se poida achegar a el.

Tendo claro que existe perigo de derrubamento e por non estar correctamente sinalizado, preguntamos á responsable do departamento de obras por que motivos un poste que se atopa a 100 metros do seu despacho non é inmediatamente asegurado e sinalizado ata que a compañía responsable o retire ou asegure, segundo proceda?



(Entendemos que á recepción desta pregunta porán en marcha as medidas necesarias para a protección da seguridade viaria nesta situación perigosa).

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambientes, contesta a pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia